

8/204 APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE LUGO (PMPDIF). APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Medio Ambiente, do 30 de marzo de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“I. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1º) O Concello de Lugo dispón do "Plan de emerxencia municipal de Lugo" que foi homologado pola Xunta de Galicia no Comité Galego de Protección Civil, e posteriormente aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 23 de maio de 2007. Este documento inclúe un Plan de actuación municipal ante o risco dos incendios forestais.

2º) En novembro de 2009, elaborouse un Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Concello de Lugo, mediante un convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela.

3º) En maio de 2019, SEAGA mediante a colaboración con FEGAMP e Xunta de Galicia redactou un Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Concello de Lugo, co fin de cumprir o establecido na normativa vixente de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

4º) O Concello de Lugo e SEAGA firmaron o acordo para o Adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias. Para que se desenvolva este convenio é necesario que se aprobe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Concello de Lugo.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS, OBRIGAS LEGAIS E COMPETENCIAIS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Tanto o artigo 25.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local como o artigo 80.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia atribúen aos municipios o exercicio de competencias, no marco tanto da lexislación estatal como autonómica, en materia de protección civil, prevención e extinción de incendios.

Neste contexto dítase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, propoñendo unha planificación preventiva que se asenta na acción concertada de todas as administracións públicas. Esta lei relaciona as **competencias municipais** no seu artigo 7 ao sinalar como tales as seguintes:

“a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, consonte o previsto nesta lei e na lexislación galega de montes,

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5081683967000589589.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-4-2022

e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

e) Xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos desta lei.”

III.CONSIDERACIÓNS SOBRE O PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

III.1. OBXECTIVO DO PLAN

O obxectivo principal deste Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, en cumprimento do establecido na Lei 3/2007, é a definición da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, formadas por un conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, e garantir o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co fin principal de reducir o risco de incendio e protexer a seguranza das persoas.

III.2. ELABORACIÓN DO PLAN

A adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, reflicte a posibilidade de:

a) A colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para a tramitación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, segundo establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, en todos os concellos adheridos a este convenio.

Polo que o documento foi elaborado por SEAGA, pendente da aprobación polo Concello de Lugo, sendo a dirección xeral competente en materia forestal quen emita informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

III.3. PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN DO PLAN

Previamente á aprobación do Plan, o Concello de Lugo tiña que solicitar da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia a emisión do informe preceptivo e vinculante, tal e como se establece no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, achegando cantas observacións, alegacións, suxestións, etc., sexan precisas contemplar no informe.

O informe do Xefe do Servizo de Medio Ambiente (D. Julio Torre Rodríguez), do 2 de marzo de 2022, informaba favorablemente sobre a solicitude coa conformidade do Tenente de Alcaldesa da Área de Cohesión Territorial (D. Miguel Fernández Méndez).

Solicitouse tamén a emisión do informe preceptivo e vinculante do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios Forestais do Concello de Lugo a mencionada Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia.

En cumprimento do establecido no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o 11 de marzo de 2022, recibíuse da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia:

- Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lugo, asinado por técnicos forestais competentes por don Pablo Arbones Maciñeira (Enxeñeiro de Montes nº 2171) e por dona Carmen Paz López (Enxeñeira Técnica Forestal nº colexiada 1265).

- O informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o devandito plan, asinado polo Director Xeral de Defensa do Monte, sendo o informe favorable.

No futuro, o plan deberá ampliarse e actualizarse para, de acordo co establecido no artigo 16.2, incluír:

- A definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- A rede de pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal.
- Os montes de titularidade municipal.

Para a ampliación e actualización do plan, o Concello de Lugo poderá contar coa colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma, en virtude do convenio asinado con SEAGA.

O órgano competente para a aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais é a Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto nos artigos 80.2.º c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, art. 7.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, os artigos 25.2.c) e 127.1 e) da Lei reguladora de bases de réxime Local e o acordo da Xunta de Goberno Local nº 28/452, do 17 de xullo de 2019.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa Delegado da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5081683967000589589.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-4-2022

Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Lugo, previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa Pública de Servicios Agrarios, S.A.), ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, suscrito pola colaboración.

SEGUNDO.- Expoñer ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal; computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados, de conformidade co disposto no artigo 83, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

TERCEIRO.- Considerar o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Lugo definitivamente aprobado no caso de que non se presentasen alegacións durante o período de información pública.

CUARTO.- Comunicarlle á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia a aprobación definitiva do dito plan xuntando a documentación acreditativa da resolución adoptada.